

Roteiro de Miño-Calvario-Coto Novelle

Descrición do roteiro:

Localizado nos montes do concello de Castelo de Miño, inclúese na categoría de pequeno percorrido, con 17 Km de lonxitude, de doada realización.

O seu contorno resalta polo relevo accidentado e unha paisaxe á que, ademais de formacións xeolóxicas e arbóreas, xunto a cursos e masas fluviais, asóciase unha importante riqueza cultural, na que sobrancean valores etnográficos como mámoas e petroglifos.

Estes elementos interprétanse en diversos paneis, dispostos ao longo do traxecto.

O roteiro discorre ao abrigo de formacións de frondosas caducifolias, que acollen a maior diversidade florística e faunística, substituídas por masas de piñeiros do país, nas zonas máis altas e por cultivos de viñedos, nas cotas inferiores. Podemos atopar tamén, ao longo do percorrido, ata un total de cinco visos, tales como os de San Estevo, Reigoso e o do Couto de Novelle – vixía do Ríbeiro-, dende os que se contemplan panorámicamente os vales do Arnoia e do Miño, xunto co encoro de Castelo.



Táboa de información:


Nesta taboa móstranse diferentes itinerarios que se poden realizar neste roteiro, partindo dende as distintos pobos para subir ao alto de Coto Novelle, coas indicacións dos lugares de máis interese.

Punto de partida	Punto de chegada	Distancia (km)	Altitude pto. de partida	Altitude pto. de chegada	Paseo por zonas de interese
As Cortiñas	Santo Estevo	1,971	88,76	168,62	Paseo fluvial de Castelo de Miño
Santo Estevo	Noallo de abaixo	2,982	168,62	246,95	Pozo de San Esteban Viso San Esteban Área de descanso Muíños de Noallo
Noallo de abaixo	Traveso	2,533	246,95	360	Fonte da Regueiriña Muíños de Noallo Fonte dos Muíños M.V.M.C. "A Serra" M.V.M.C. "O Coto de Novelle"
Traveso	Reigoso	4,174	360	452,07	M.V.M.C. "O Coto de Novelle" Capela de San Antonio Viso de Reigoso
Reigoso	Mámoas	1,700	452,07	523,51	Viso do Penedo da Extrema
Reigoso	Petroglifos	1,842	452,07	534,55	Viso das Cavadas
Reigoso	Coto Novelle	3,925	452,07	745,07	Viso de Coto Novelle
Reigoso	A Carixa	1,114	452,07	225,34	M.V.M.C. "O Coto de Novelle"
A Carixa	As Cortiñas	3,537	225,34	88,76	M.V.M.C. "O Coto de Novelle" Paseo fluvial de Castelo de Miño

ATENCIÓN



SINALIZACIÓN



FEADER: Europa inviste no rural

M.V.M.C. de "Coto Novelle" pertencente aos veciños da parroquia de Santa María de Castelo de Miño
M.V.M.C. de "A Serra", pertencente aos veciños da parroquia de Ponte Castelo e Barral



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Montes e industrias Forestais

